	B4.4. Lectura en voz alta de textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciación comprensibles.	B4.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciación comprensibles.	B4.4.1. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronunciación comprensibles.
	B4.5. escoita, comprensión e uso do vocabulario básico sobre a casa, as accións máis frecuentes e o transporte.	B4.5. escoitar, comprender e usar o vocabulario básico sobre a casa, as accións máis frecuentes e o transporte.	<p>B4.5.1. escoita e comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p> <p>B4.5.2. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.</p> <p>B4.5.3. Escribe frases sinxelas, organizadas con coherencia na súa</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			secuencia e con léxico relacionado co tema proposto como redacción.
	B4.6. Expresión do permiso, a axuda, a habilidade e a prohibición (can) en forma afirmativa, negativa e interrogativa.	B4.6. Expresar o permiso, a axuda, a habilidade e a prohibición en forma afirmativa, negativa e interrogativa.	B4.6.1. Expresa e identifica o permiso, a axuda, a habilidade e a prohibición en forma afirmativa, negativa e interrogativa.
	B4.7. Expresión do gusto (like, love), a existencia (there is/are), a calidade (very +), o espazo (in, on, under) e o modo (how, fine, well, slowly).	B4.7. Expresar o gusto en forma afirmativa, negativa e interrogativa; identificar a existencia e a calidade; entender, identificar e manexar léxico básico referido a conceptos espaciais; identificar e expresar o modo.	B4.7.1. Enuncia frases sobre o que lle gusta e o que non lle gusta en forma afirmativa e negativa.
B4.7.2. Pregunta sobre os gustos dos demais (Do you like...?) con resposta afirmativa ou negativa.			
B4.7.3. Expresa e identifica a existencia.			
B4.7.4. Expresa a calidade.			
B4.7.5. Expresa e identifica a localización no espazo de persoas e obxectos.			
B4.7.6. Expresa e identifica o modo.			
	B4.8. A cantidade: os números ata o 20.	B4.8. Manexar os números cardinais ata o 20.	B4.8.1. Utilizar os números en distintas situacións comunicativas.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
	B4.9. O verbo: forma afirmativa, negativa e interrogativa. Observación e respecto das regularidades verbais.	B4.9. Conxugar o tempo presente de verbos usuais en forma afirmativa, negativa e interrogativa respectando as regularidades verbais.	B4.9.1. Conxuga o tempo presente de verbos habituais en forma afirmativa, negativa e interrogativa respectando as regularidades verbais.
	B4.10. Afirmacións, preguntas e respostas afirmativas e negativas sobre a posesión (I've got, Have you got?)	B4.10. Realizar afirmacións, preguntas e respostas afirmativas e negativas sobre a posesión.	B4.10.1. Realiza afirmacións, preguntas e respostas afirmativas e negativas sobre a posesión.
f g i	B4.11. Iniciación no uso de programas informáticos para reproducir mensaxes escritas moi sinxelas.	B4.11. Iniciarse no uso dun procesador de texto para a elaboración de producións escritas diversas.	B4.11.1. Manexa un procesador de texto para a elaboración de producións escritas de diversa tipoloxía textual.
e f g	B4.12. Desenvolvemento de estratexias para a ampliación de vocabulario: confección de carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas etc.	B4.12. Desenvolver estratexias para a adquisición de vocabulario.	B4.12.1. Amplía o vocabulario mediante o desenvolvemento de diversas actividades.
d f g n	B4.13. Achegamento a aspectos culturais a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas.	B4.13. Aproximarse a aspectos culturais anglosaxóns a través de producións audiovisuais e manifestacións artísticas.	B4.13.1. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. B4.13.2. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
			(horarios, comidas, festas...).
			B4.13.3. Visualiza producións audiovisuais con subtítulos.
			B4.14.4. Entende o sentido xeral da letra dunha canción en inglés con axuda dun modelo e/ou palabras clave.

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN. NIVEL II
MÓDULO 3: A VIDA EN COMUNIDADE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1: Comunicación oral				
f g	B1.1. Comprensión de textos sinxelos nos medios de comunicación, resumindo oralmente as ideas principais e analizando aspectos sinxelos propios de cada un deles (estrutura, vocabulario etc.).	B1.1. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais e analizar aspectos sinxelos.	B1.1.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual.	CCL CAA CSC
			B1.1.2. Identifica o tema e selecciona as ideas principais.	CCL CAA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B1.1.3. Interpreta o sentido dos elementos básicos do texto necesarios para a comprensión global (léxico, locucións).	CCL CAA
f g i	B1.2. Uso de diferentes fontes de información de uso habitual, incluídos os medios de comunicación.	B1.2. Usar fontes de información de uso habitual, incluídos os medios de comunicación.	B1.2.1. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.	CCL CAA CSC CSIEE
	B1.3. Tipos de textos dos medios de comunicación: noticias, artigos, entrevistas, documentais, anuncios publicitarios.	B1.3. Identificar a estrutura organizativa de diferentes tipos de textos dos medios de comunicación, interpretando a súa intención e significado.	B1.3.1. Utiliza os medios de comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.	CCL CAA CSIEE
	B1.4. Medios de comunicación: noticia e opinión.	B1.4. Diferenciar noticia e opinión nos medios de comunicación.	B1.4.1. Comprende textos xornalísticos e identifica a súa intención comunicativa.	CCL CAA CSC
	B1.5. Recoñecemento no xornal das diferentes seccións que o integran.	B1.5. Recoñecer as diferentes seccións que compoñen un xornal.	B1.5.1. Diferencia entre información e opinión nos medios de comunicación.	
			B1.5.2. Comprende textos xornalísticos, identificando a súa intención comunicativa.	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f g	B1.6. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.	B1.6. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos.	B1.6.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa.	CCL CAA CSIEE
			B1.6.2. Utiliza o vocabulario axeitado.	CCL
	B1.7. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel da persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos das outras persoas.	B1.7. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións das demais persoas.	B1.7.1. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.	CCL CAA
			B1.7.2. Escoita atentamente as intervencións das demais persoas e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais	CCL CAA CSC
d g	B1.8. Valoración dos elementos culturais e tradicionais da comunidade que se transmiten nos textos orais: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.	B1.8. Recoñecer e valorar os elementos culturais da tradición oral.	B1.8.1. Recoñece e valora positivamente elementos culturais tradicionais transmitidos por vía oral.	CCL CCEC

Bloque 2: Comunicación escrita

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g	B2.1. Lectura en voz alta de distintos tipos de textos.	B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuadas.	B2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos con velocidade, fluidez e entoación adecuadas.	CCL
	B2.2. Lectura, en silencio, e comprensión de distintos tipos de textos, deducindo o significado de palabras e expresións coa axuda do contexto.	B2.2. Ler en silencio diferentes textos valorando a comprensión e a dedución do significado das palabras.	B2.2.1. Le en silencio coa velocidade adecuada textos de diferente complexidade valorando a comprensión.	
			B2.2.2. Deduce o significado de palabras e expresións con axuda do contexto.	CCL CAA
f g i	B2.3. Subliñado e resumo da información relevante dun texto.	B2.3. Resumir un texto lido reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	B2.2.3. Realiza inferencias e formula hipóteses.	CCL CAA
			B2.3.1. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos, reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.	
f	B2.4. Elaboración dun esquema dun texto narrativo.	B2.4. Esquematizar un texto narrativo.	B2.4.1. Elabora esquemas a partir dun texto expositivo.	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
g	B2.5. Desenvolvemento dun tema a partir dun esquema ou dun enunciado.	B2.5. Desenvolver un tema a partir dun esquema ou dun enunciado.	B2.5.1. Desenvolve un tema a partir dun esquema ou dun enunciado.	
f g h	B2.6. Ser quen de producir textos persoais con intención literaria, valorando o sentido estético e a creatividade.	B2.6. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade.	B2.6.1. Crea, con axuda, textos literarios moi sinxelos a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA CSIEE CCEC
f g	B2.7. Recoñecemento da importancia que ten a redacción e presentación adecuada dos textos escritos (organización das ideas, vocabulario adecuado, recursos tipográficos...).	B2.7. Producir textos atendendo á súa cohesión interna e respectando as normas ortográficas e gramaticais.	B2.7.1. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	CCL CD
	B2.8. Aprecio pola calidade dos textos propios e alleos, recoñecendo a importancia da súa adecuación e corrección, e respecto polas normas ortográficas.	B2.8. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	B2.8.1. Aprecia a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	CCL CSC
f g i	B2.9. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización dela como fonte de aprendizaxe.	B2.9. Utilizar textos científicos en diferentes soportes para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicarlos en traballos persoais.	B2.9.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo.	CCL CD CAA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f g h	B2.10. Valoración da lingua escrita como medio de información e transmisión de cultura e como instrumento para planificar e realizar tarefas concretas.	B2.10. Utilizar a linguaxe escrita para interpretar fenómenos e problemas diversos en contextos cada vez máis diversificados, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para relacionarse con outras persoas e grupos.	B2.10.1. Utiliza a lingua escrita como medio de información e transmisión de cultura.	CCL CAA
			B2.10.2. Desenvólvese dun modo positivo para si mesmo e para os demais na súa vida cotiá coa axuda da linguaxe.	CCL CSC
			B2.10.3. Utiliza a lingua escrita como instrumento para planificar e realizar tarefas concretas.	CCL CAA CSIEE
			B2.10.4. Desenvolve plans e proxectos desde a iniciativa persoal utilizando a linguaxe para elaboralos.	
Bloque 3: Coñecemento e reflexión sobre a lingua				
g	B3.1. O verbo: conxugación dos principais verbos regulares e irregulares.	B3.1. Conxugar os principais verbos regulares e irregulares en todas as súas formas e modos.	B3.1.1. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos ao producir textos orais e escritos.	CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	B3.2. A oración simple e os elementos necesarios para formala: suxeito e predicado.	B3.2. Identificar suxeito e predicado na oración simple.	<p>B3.2.1. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado na oración simple.</p> <p>B3.2.2. Identifica as oracións como unidades de significado completo.</p>	
	B3.3. A estrutura do suxeito e do predicado.	B3.3. Identificar os compoñentes esenciais do grupo do suxeito e complementos no predicado.	B3.3.1. Identifica os compoñentes esenciais do grupo do suxeito e complementos no predicado.	
	B3.4. As clases de oracións.	B3.4. Recoñecer as distintas clases de oracións e a súa intención comunicativa.	B3.4.1. Recoñece en textos as distintas clases de oracións simples pola súa intención comunicativa.	
	B3.5. Recoñecemento nos textos escritos das distintas clases de palabras estudadas e exploración delas realizando transformacións.	B3.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura das categorías gramaticais.	B3.5.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar o substantivo, substituír o substantivo, expresar características do substantivo, expresar accións ou estados, enlazar palabras.	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B3.5.2. Sinala as características que definen as diferentes clases de palabras.	
	B3.6. Signos de puntuación: o punto e coma, as comiñas e a raia no diálogo.	B3.6. Usar correctamente os signos de puntuación estudados no módulo.	B3.6.1. Aplica con corrección os signos de puntuación estudados no módulo en textos que o requiran.	
	B3.7. Realización de ditados.	B3.7. Aplicar correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do módulo en textos ditados.	B3.7.1. Reproduce con corrección textos ditados en que se aplican as normas estudadas no módulo.	
	B3.8. Observación e respecto das regularidades ortográficas e morfolóxicas estudadas.	B3.8. Observar e respectar as regularidades ortográficas e morfolóxicas estudadas.	B3.8.1. Observa e respecta as regularidades ortográficas e morfolóxicas estudadas.	
	B3.9. Comprensión e uso do vocabulario habitual necesario para comunicarse na vida cotiá: palabras polisémicas, familias de palabras, frases feitas.	B3.9. Coñecer, recoñecer e usar o vocabulario habitual e frases feitas para comunicarse na vida cotiá.	B3.9.1. Coñece, recoñece e usa palabras polisémicas ou frases feitas na expresión oral e escrita.	
	B3.10. Técnicas sinxelas de ampliación de léxico: prefixos (-re, -multi, -tele...), sufixos (-doiro, -azo, -axe...) e palabras compostas.	B3.10. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario mediante a comprensión e produción de prefixos e sufixos.	B3.10.1. Compón e distingue familias de palabras.	
B3.10.2. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.				

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B3.10.3. Identifica no seu contorno palabras derivadas doutras evidentes.	
f g h	B3.11. Identificación e valoración dos recursos literarios máis frecuentes: (personificación, hipérbole, comparación, metáfora).	B3.11. Identificar e valorar os recursos literarios máis frecuentes.	B3.11.1. Interpreta, con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios.	
			B3.11.2. Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas.	CCL CCEC
			B3.11.3. Recrea, de xeito individual e cooperativo, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	CCL CAA CCEC
n	B3.12. Recoñecemento e respecto da diversidade lingüística en España e América a través dos medios de comunicación.	B3.12. Coñecer e respectar a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural	B3.12.1. Valora as posibilidades expresivas da lingua.	CCL CCEC
			B3.12.2. Valora a variedade lingüística de España e o español de América a través dos medios de comunicación.	CCL CSC CCEC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			B3.12.3. Mostra respecto tanto cara ás linguas que se falan en España como cara ao español de América.	CCL CCEC
f g h	B3.13. Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.	B3.13. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	B3.13.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CAA

Mínimos esixibles. Módulo II

- Amona unha actitude positiva e activa respecto ao uso das linguas galega e castelá de xeito oral e escrito.
- Comprende, interpreta e resume textos descritivos, xornalísticos e dialogados.
- Recoñece, explica e usa as seguintes categorías gramaticais: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.
- Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas.
- Comprende e utiliza as regras de concordancia, identificando as funcións sintácticas de suxeito e predicado.
- Recoñece, explica e usa un vocabulario amplo e preciso a partir de campos semánticos traballados na aula.
- Coñece e valora a realidade plurilingüe de España, identificando os idiomas xeograficamente.
- Le de xeito autónomo (fóra da aula), como mínimo, un libro (adequado aos seus intereses) en lingua galega e outro en lingua castelá.
- Coñece, compara e diferencia os principais xéneros e subxéneros literarios.
- Na lingua estranxeira, comprende de xeito xeral textos sinxelos que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais básicas; descrición básica de obxectos, persoas e situacións; expresión básica de sentimentos.
- Na lingua estranxeira, produce mensaxes orais breves e sinxelas que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais básicas; descrición básica de obxectos, persoas e situacións; expresión básica de sentimentos.

- Na lingua estranxeira, identifica e usa de xeito escrito expresións sinxelas que fagan referencia ás seguintes funcións comunicativas: iniciación e mantemento de relacións sociais básicas; descrición básica de obxectos, persoas e situacións; expresión básica de sentimentos.

Criterios de cualificación EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA ADULTOS/AS - ÁMBITO DA COMUNICACIÓN - MÓDULOS I e II de Lingua Galega e Lingua Castelá (70% DA TOTALIDADE DO ÁMBITO DE COMUNICACIÓN)

- Realizaranse dous exames parciais escritos (un por avaliación) en galego, dous en castelán. Sen prexuízo do anterior, cada proba pode conter as dúas materias simultaneamente. O seu peso porcentual é o seguinte: 35% para Lingua galega; 35% para Lingua castelá, ficando o 30% para Lingua estranxeira.

- Realizarase un exame final do ámbito para o alumnado que tivese avaliación negativa nalgunhas probas anteriores. Así mesmo, tal e como contempla a lexislación, realizarase unha proba extraordinaria para os alumnos que non superasen o ámbito no módulo correspondente (en maio para o módulo 1, e en setembro para o módulo 2).

- Realizarase unha proba escrita de comprobación das lecturas propostas, tanto en galego como en castelán. Dita proba valorarase cun 10% da nota global de cada materia. Así mesmo, sempre que o profesor ou profesora o considere oportuno, poderase bonificar a lectura de libros adicionais.

- Valorarase a expresión escrita tanto nos exames coma nos traballos entregados, así como na observación diaria na aula.

- En lingua galega e lingua castelá as faltas de expresión (ortográficas, gramaticais e de carácter léxico-semántico) poderán penalizar a cualificación global dos exames a razón de 0,1 cada dous erros, ata un máximo dun punto.

- Así mesmo, a entrega de traballos escritos (redaccións) cuantificarase cun 10% na cualificación global de galego e de castelán.

- Valorarase a expresión oral de xeito habitual na aula a partir tanto da expresión espontánea como planificada do alumnado en cada idioma cooficial.

Metodoloxía

Partindo dunha concepción predominantemente práctica da competencia comunicativa, os principios metodolóxicos xerais que se terán en conta son os que seguen:

- Secuenciación dos contidos que van do máis concreto ao máis xeral, do máis próximo ao máis afastado, das características e problemas do propio contorno aos de ámbito mundial, do propio contexto a outros contextos.

- Priorización dos aspectos máis básicos e instrumentais: ler, escribir, escoitar, falar, e contribuír progresivamente a desenvolver as

capacidades intelectuais (observar, analizar, relacionar, sintetizar, clasificar, definir).

- Manexo da prensa e doutros medios de comunicación.
- Consideración dos principios da aprendizaxe significativa, a aprendizaxe por descuberta, o ritmo persoal do alumno, a metodoloxía activa...
- Procura da capacidade do alumnado para que sexa capaz de aprender a aprender e de aumentar o grao de autonomía persoal.
- Explicacións do profesor orientadas a establecer un marco xeral e uns principios básicos que os alumnos deben coñecer para traballar no tema de que se trate. Asemade, o docente guiará o traballo do alumnado no relativo ao manexo de información, deseño e resolución de problemas.
- Deseño de actividades individuais e en grupo, facilitando que cada alumno asuma unas funcións que lle permitan acadar éxito ante os seus compañeiros.
- Información aos alumnos da tarefa a realizar, o “por que” e o “para que”, podendo incorporar suxestións á hora de afrontala, partindo das súas ideas previas para saber en que aspectos hai que incidir e detectar en que van a atopar maiores dificultades.
- Aplicación de dinámicas de traballo con grupos: mesas redondas, entrevistas colectivas, enquisas, chuvia de ideas, técnicas do bisbeo, role-playing e jigsaw ou técnica de crebacabezas.
- Pragmatismo no enfoque do ensino de lingua estranxeira, fomentando o aspecto conversacional.

Materiais curriculares

Tendo en conta que non se empregará libro de texto, os materiais didácticos de referencia serán os dispoñibles na páxina web da Consellería de Educación: <http://www.edu.xunta.es/web/ea>

Con todo, estes veranse complementados con outros recursos, que a continuación se relacionan:

- Material fotocopiado diverso (textos, gráficos, información gramatical, exercicios, etc.)
- Material bibliográfico:
- Libros de lectura, fragmentos literarios, manuais, enciclopedias, dicionarios, anuarios, xornais e revistas. Neste senso, a utilización da biblioteca do instituto como centro de recursos é fundamental.
- Material audiovisual:
- Presentacións, vídeos, gravacións sonoras de índole diversa (cancións, diálogos, etc.)

□ Ferramentas informáticas e dixitais (“on line” e “off line”)

9. Atención á diversidade e actividades de reforzo

Existirá un contacto permanente entre o profesor ou profesora do ámbito e o departamento de orientación co fin de detectar e atender casos de alumnado con problemas de aprendizaxe.

Caso de non contar cun especialista de pedagogía terapéutica, será o profesor ou profesora do ámbito o encargado de velar polo progreso no proceso de aprendizaxe destes alumnos.

O alumnado do módulo 2 que non superase o ámbito de comunicación na proba final de xaneiro no módulo 1, asistirá ás clases do módulo 2, non só como medio para optar ao aprobado no módulo en curso, senón tamén, e sobre todo, como reforzo para superar o ámbito pendente na proba extraordinaria de maio. A este respecto, cómpresubliñar que o ámbito de comunicación do módulo 2 non se considerará como superado sen ter aprobado dito ámbito no módulo anterior.